

DOCUMENTOS: CRISE DO ANTIGO RÉXIME

CRISE DA MONARQUÍA ABSOLUTA (Guerra da Independencia)

Doc.1 - O motín de Aranjuez. Carta de Carlos IV a Napoleón (Marzo de 1808)

Señor mi hermano: V.M. sabrá sin duda con pena los sucesos de Aranjuez y sus resultados, y no verá con indiferencia a un rey que, forzado a renunciar a la corona, acude a ponerse en los brazos de un gran monarca, aliado suyo, subordinándose totalmente a la disposición del único que puede darle su felicidad, la de toda su familia y de sus fieles vasallos.

Yo no he renunciado a favor de mi hijo sino por la fuerza de las circunstancias (...) Yo fui forzado a renunciar, pero asegurado con plena confianza en la magnanimidad y el genio del gran hombre que siempre ha mostrado ser amigo mío, yo he tomado la resolución de conformarme con todo lo que este gran hombre quiera disponer de nosotros y de mi suerte, la de la Reina y la del Príncipe de la Paz.

Dirijo a V.M.I. una protesta contra los sucesos de Aranjuez, y contra mi abdicación. Me entrego y enteramente confío en el corazón y amistad de V.M. (...)

De V.M.I., su afecto hermano y amigo. Carlos

Doc. 2. Carta de o príncipe Fernando ao seu pai, Carlos (marzo 1808)

O meu venerado pai e señor: para dar a V.M. unha proba do meu amor, da miña obediencia e submisión (...) renuncio á miña coroa en favor da vosa Maxestade, desexando que a vosa Maxestade poida gozala por moitos anos (...)

Doc.3 -Orde do mariscal Murat (2 de maio 1808)

“Soldados: a poboación de Madrid sublevouse, e chegou ata o asasinato (...). O sangue francés foi vertido; reclama vinganza. Na súa consecuencia mando o seguinte (...):

Art.2. Todos os que foron presos no disturbio e coas armas na man serán arcabuceados (...).

Art.5. Toda xuntanza de máis de oito persoas será considerada coma unha xunta sediciosa (...)

Art.7. Os autores, vendedores ou distribuidores de libelos impresos ou manuscritos provocando a sedición serán considerados coma uns axentes da Inglaterra e arcabuceados”.

Doc 4 - O Estatuto de Baiona (8 de julio de 1808)

“En nombre de Dios Todopoderoso, Don Josef Napoleón, por la gracia de Dios, rey de las Españas y de las, Indias. Habiendo oído a la Junta Nacional congregada en Bayona de orden de nuestro muy caro y muy amado hermano Napoleón, Emperador de los franceses... Hemos decretado y decretamos la presente Constitución

Artículo1. La religión Católica, Apostólica y Romana, en España y en todas las posesiones españolas, será la religión del Rey y de la Nación, y no se permitirá ninguna otra

Artículo 36. El presidente del Senado será nombrado por el Rey, y elegido entre los senadores. Sus funciones durarán un año.

DOCUMENTOS: CRISE DO ANTIGO RÉXIME

Artículo 61. Habrá Cortes Juntas de la Nación, compuestas de 172 miembros divididos en tres Estamentos, a saber: el Estamento del clero, el de la Nobleza. el del pueblo.

Artículo 88. Será libre en dichos reinos y provincias (los reinos y provincias españolas de América y Asia) toda especie. de cultivo o industria.

Artículo 97. El orden judicial será independiente en sus funciones.

Artículo 117. El sistema de contribuciones será igual en todo el reino.

Doc. 5 .-Proclama da Xunta Central do Principado de Asturias (maio de 1808):

“Asturianos leais e amados compatriotas (...). O Principado, en desempeño daqueles deberes que máis interesan ao home, xa declarou formalmente a guerra a Francia (...). A súa perfidia co noso rei e toda a súa familia, enganándoo para facelo pasar a Francia baixo palabra dun eterno armisticio para encadealos a todos, non ten igual na historia (...). ¡Á arma, á arma, asturianos!”.

Doc. 6. Tratado de Valençay. 11 decembro 1813

(...) Art. 3. S.M. el Emperador de los franceses, rey de Italia, reconoce a D. Fernando y sus sucesores, según el orden de sucesión establecido por las leyes fundamentales de España, como rey de España y de las Indias.

Art. 4º. S.M. el Emperador y rey reconoce la integridad del territorio de España, tal cual existía antes de la guerra actual.

Art. 5º. Las provincias y plazas actualmente ocupadas por las tropas francesas serán entregadas en el estado en que se encuentran a los gobernadores y a las tropas españolas que sean enviadas por el rey.

AS CORTES DE CÁDIZ E CONSTITUCIÓN DE 1812:

Doc 1- Declaración de constitución das Cortes, 24 setembro 1810:

“Las Cortes generales y extraordinarias de la Nación española, congregadas en la Real Isla de León, conforme en todo con la voluntad general [...], reconocen, proclaman y juran de nuevo por su único y legítimo Rey al Señor don Fernando VII de Borbón; y declaran nula [...] la cesión de la corona que se dice hecha a favor de Napoleón, no solo por la violencia que intervino en aquellos actos injustos e ilegales, sino principalmente por faltarle el consentimiento de la Nación”.

Doc 2- Decreto da soberanía nacional e separación de poderes. Setembro 1810.

“Os deputados que compoñen este Congreso, e que representan á nación española, decláranse lexitimamente constituídos en Cortes xerais e extraordinarias e que reside nelas a soberanía nacional.

Non convindo queden reunidos o poder lexislativo, o executivo e o xudicial, declaran as Cortes xerais e extraordinarias que se reservan o exercicio do poder lexislativo en toda a súa extensión.

As Cortes (...) habilitan os individuos que compoñían o Consello de Rexencia para que (...) exerzan o poder executivo.”

Doc. 3- Decreto de abolición dos señoríos. 6 de agosto de 1811

“Desexando as Cortes Xerais e Extraordinarias remover os obstáculos que puideron opoñerse ao bo réxime, aumento da poboación e prosperidade da Monarquía española decretan:

Dende agora quedan incorporados á nación todos os señoríos xurisdicionais de calquera clase e condición que sexan.

Quedan abolidos os ditados de vasalo e vasalaxe e as prestacións así reais como persoais que deban a súa orixe a título xurisdiccional, a excepción das que procedan de contrato libre en uso do sagrado dereito de propiedade.

Os señoríos territoriais quedan dende agora na clase dos demais dereitos de propiedade particular se non son de aqueles que pola súa natureza deban incorporarse á nación ou dos que non se cumpriron as condicións cos que se concederon o que resultará dos títulos de adquisición. (...)

En adiante ningún poderá chamarse señor de vasalos, exercer xurisdición, nomear xuíces, nin usar dos privilexios e dereitos comprendidos neste decreto.”

Doc 4- Composición social dos deputados eleixidos nas Cortes de Cádiz

Clero	89	29,5
Funcionarios y cargos	82	27,2
Abogados y profesiones liberales	53	17,6
Militares	42	13,9
Nobles y propietarios	23	7,6
Comerciantes e industriales	12	3,9
Total	301	100

Doc 5- Constitución de 1812:

(...) As Cortes xerais e extraordinarias da nación española (...) decretan a seguinte Constitución (...):

“Art. 1. A nación española é a reunión de todos os españois de ámbolos dous hemisferios (...).

Art. 3. A soberanía reside esencialmente na nación e polo mesmo pertence a esta exclusivamente o dereito de establecer as súas leis fundamentais (...).

Art. 12. A relixión da nación española é e será perpetuamente a católica, apostólica, romana, única verdadeira (...) e prohibe o exercicio de calquera outra.

Art. 14. O goberno da nación española é a monarquía moderada hereditaria

Art. 15. A potestade de facer leis reside nas Cortes co rei.

Art. 16. A potestade de facer executar as leis reside no rei.

Art. 17. A potestade de aplicar as leis en causas civís e criminais reside nos tribunais.

Art. 172. As restriccións da autoridade do rei son as seguintes: (...) Non pode impedir, baixo ningún pretexto, a celebración das Cortes (...), nin suspendelas, nin disolverlas (...).

REINADO DE FERNANDO VII (VOLTA AO ABSOLUTISMO E TRIENIO LIBERAL):

Doc. I. Manifesto dos Persas (12 de abril de 1814):

"Señor, era costume dos antigos persas pasaren cinco días de anarquía despois do falecemento do seu rei, a fin de que a experiencia dos asasinatos, roubos e outras desgrazas os obrigase a ser máis fieis ao seu sucesor. Para selo España a VM non necesitaba igual ensaio en seis anos da súa catividade [...]; mais, como en ; ausencia de VM se mudou o sistema [...] e nos achamos á fronte da nación nun Congreso que decreta o contrario do que sentimos[.. .], cremos un deber manifestar que [...] a monarquía absoluta[...] é unha obra da razón e da intelixencia: está subordinada á lei divina. á xustiza e á regras fundamentais do Estado. [.. .] Non podendo deixar de pechar

este respectuoso Manifiesto [...] coa protesta de que se estime sempre sen valor esa Constitución de Cádiz e por non aprobada por VM."

Doc. 2. Decreto de Valencia, 4 maio 1814

"As Cortes [...] no mesmo día da súa instalación [...] despoxáronme da soberanía, pouco antes recoñecida polos mesmos deputados, atribuíndoa nominalmente á nación para apropiála para si eles mesmos e dar a esta, despois, sobre tal usurpación as leis que quixeron, impoñéndolle o xugo de que forzosamente as recibise nunha nova Constitución [...]. Declaro que o meu real ánimo é non só non xurar nin acceder á dita Constitución nin a decreto ningún das Cortes xerais e extraordinarias e das ordinarias actualmente abertas [...], senón o declarar aquela Constitución e tales decretos nulos e de ningún valor nin efecto, agora nin en tempo ningún, coma se non tivesen pasado xamais tales actos".

Doc. 3- Manifiesto do Rei á nación española (Madrid, 10 de marzo de 1820):

"ESPAÑOIS: Cando os vosos heroicos esforzos lograron poñer termo ao cativerio en que me retivo a máis inaudita perfidia, todo canto vin e escoitei, non ben pisei o chan patrio, reuniuse para persuadirme de que a Nación desexaba ver resucitada a súa anterior forma de goberno [...]. Pero, mentres Eu meditaba maduramente, coa solicitude propia do meu paternal corazón, as variacións do noso réxime fundamental que parecían máis adaptables ao carácter nacional [...], fixéstesme comprender o voso anhelo de que se restablecese aquela Constitución que entre o estrondo das armas hostís foi promulgada en Cádiz no ano de 1812 [...]. Xurei esa Constitución pola cal suspirábades, e sempre serei o seu máis firme apoio [...]. Marchemos francamente, e eu o primeiro, pola senda constitucional."

Doc. 3. Manifiesto de Riego, 1 xaneiro 1820.

" Soldados, o meu amor cara vós e grande. Polo menos, eu non podía consentir, como xefe voso, que vos afastase da vosa patria (...). España está a vivir a mercé dun poder arbitrario e absoluto, exercido sen o menor respecto, ás leis fundamentais da nación. (...) A Constitución xusta e liberal, foi elaborada en Cádiz entre sangue e sufrimento. Máis o rei non a xurou e é necesario, para que España se salve, que o rei xure e respecte esa Constitución de 1812."

Doc. 4. Proclama dirixida polo Duque de Angulema aos españois (Bayonne, 2 de abril de 1823):

“ Españóis. A Francia non está en guerra coa vosa Patria. Nacido do mesmo sangue ca os vosos non podo desexar máis ca a vosa independencia, a vosa felicidade e a vosa gloria. Vou pasar os Pirineos á cabeza de cen mil Franceses, pero é para me unir aos españois amigos da orde e das Leis para axudarlles a rescatar o seu Rei cativo; a restablecer o Altar e o Trono; a librar do desterro aos sacerdotes, do despoxo os propietarios; a todo o pobo o dominio dalgúns ambiciosos que, proclamando liberdade non preparan senón a escravitude e a destrución de España[...].”

Doc.5.-Logo da intervención da Santa Alianza, Fernando VII anula en 1823 os actos do goberno constitucional: “Sentado xa outra vez no trono de San Fernando pola man sabia e xusta do Omnipotente, polas xenerosas resolucións dos meus poderosos aliados e polos denodados esforzos do meu primo, o duque de Angulema, e o seu bravo exército, desexando prover o remedio ás máis urxentes necesidades dos meus pobos, e manifestar a todo o mundo a miña verdadeira liberdade, vin decretar o seguinte: 1º. Son nulos e de ningún valor todos os actos do goberno chamado constitucional (de calquera clase e condición que sexan) que dominou os meus pobos desde o 7 de marzo de 1820 ata hoxe 1 de outubro de 1823, declarando, como declaro, que en toda esta época carecín de liberdade”.

Doc. 6. Pragmática Sanción. 31 de decembro 1832

Sorprendido o meu leal ánimo nos momentos de agonía que me conduxo a unha grave enfermidade (...) asinei un decreto derogando á Pragmática Sanción (...) a turbación é a congoxa explicarían a indeliberación dese acto (...) Nin como rei puidera eu destruír as lei fundamentais do reino (...) nin como pai puidera, con vontade libre, despojar de (...) tan lexítimos dereitos a miña descendencia. (...) Declaro solemnemente de plena vontade que o decreto asinado nas angustias da miña enfermidade, foi arrincado da miña sorpresa (...) e que é nulo e de ningún valor.